



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 22 de xuño de 2017
Hora de comezo: 14.15 h
Hora de remate: 14.45 h

ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín
Dona M^a Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral
Don Jesús Sanjuás Mera

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Altas no servizo de abastecemento/saneamento**
- 3. Licenzas urbanísticas**
- 4. Alta no servizo de axuda no fogar por libre concorrencia**
- 5. Modificación nas condicións e na contía de axuda económica por emerxencia social, concedida na Xunta de Goberno do 18 de maio do 2017.**
- 6. Aprobación das bases do I concurso de xardineiras de Boqueixón**
- 7. Autorización á asoc. de festexos S. Bieito de Sergude, para a realización do III Concurso Morfolóxico Cabalar de Boqueixón 2017**
- 8. Concesión dunha axuda económica á asociación deportiva Futsal Boqueixón e a Motoclub Boqueixón**
- 9. Aboamento do prezo final pola adquisición da Antiga Cámara Agraria Local, sita en Boqueixón**

10. Rexeitamento solicitude de requirimento de limpeza de parcelas, no lugar de Agra – Loureda
11. Inicio expediente de responsabilidade patrimonial do concello por danos causados nunha roda traseira de bicicleta
12. Inicio de execución subsidiaria para proceder coa corta de arboredo no lugar de Santabaia – Vigo
13. Arquivo de expediente de limpeza de maleza de leira no lugar de A Igrexa – Pousada
14. Arquivo expediente de reclamación de contía por danos ocasionados nun farol ornamental roto en Lestedo
15. Requirimento de corta de arboredo no lugar de Pumares – Sergude
16. Requirimento limpeza de maleza no lugar de Pumariño xxxxx-Pousada
17. Pagamento indemnizacións por participación nos tribunais para a contratación de persoal
18. Aprobación de facturas
19. Pagamento subvención APA Forte
20. Nomeamento comité de expertos para a valoración das ofertas presentadas no concurso de adxudicación do servizo de axuda no fogar
21. Aprobación da certificación núm. 2 e final da obra “Camiño de Ramil á área recreativa e outros. PAS 2015
22. Adxudicación do contrato do servizo de monitores para a realización de actividades de verán.
23. Adxudicación de obra de reforma do servidor informático do concello.
24. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 4 de maio do 2017.

2. Altas no servizo de abastecemento/saneamento

A) Altas en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga, inclúense como beneficiarios do servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI	Enderezo inmovible	Taxa	Importe conexión/ Instalación contador
CARLOS xxxxx xxxxx Vilar – Lestedo – 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx Vilar – Lestedo - 15881 Boqueixón (A Coruña)	54,86 €	24,37 €
EVA xxxxx xxxxx Vilar – Lestedo – 15881 Boqueixón	xxxxx	xxxxx Vilar – Lestedo – 15881 Boqueixón (A Coruña)	54,86 €	24,37 €
MARÍA DEL CARMEN xxxxx xxxxx – Sergude – 15881 Boqueixón	xxxxx	xxxxx – Sergude – 15881 Boqueixón	54,86 €	483,98

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no Servizo de Abastecemento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes, así como os importes pola conexión á rede, que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

As altas concedidas a Carlos xxxxx e a Eva xxxxx son para vivenda. A alta correspondente a María del Carmen xxxxx é para unha explotación agrícola.

As ditas taxas de abastecemento correspondentes a Eva xxxxx e Carlos xxxxx foron aboadas pola promotora da construción “Vitra Breogán, S.C.G.” o 28/12/2007, a correspondente a María del Carmen xxxxx foi ingresada pola interesada con data do 20/06/2017. Así mesmo, os ingresos pola conexión á rede de abastecemento foron efectuados polos interesados nas arcas municipais, con data do 12/06/2017 por Carlos xxxxx e con data do 20/06/2016 por Eva xxxxx e por María del Carmen xxxxx, segundo os xustificantes de ingreso que constan no expediente.

2.- Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente ó enderezo fiscal indicado:

B) Altas en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar as acometidas á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúense como beneficiarios de dito servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI	Enderezo inmoible	Taxa
CARLOS xxxxx Xxxxx Vilar – Lestedo - 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx – Vilar – Lestedo - 15881 Boqueixón (A Coruña)	54,86 €
EVA xxxxx xxxxx Vilar – Lestedo – 15881 Boqueixón	xxxxx	Xxxxx – Vilar – Lestedo – 15881 Boqueixón (A Coruña)	54,86 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no Servizo de Saneamento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

As altas concedidas son para vivenda.

As ditas taxas de saneamento foron aboadas pola promotora da construción “Vitra Breogán, SCG” con data do 28/12/2007.

2.- Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente ó enderezo fiscal indicado.

3.Licenzas urbanísticas

A) Expte. 2016 / 2652 – Concesión licenza municipal de obras

Antecedentes:

Con data do 02/12/2016, con rexistro de entrada nº: 2016/2652, por D. Jesús xxxxx, con DNI nº: xxxxx, con domicilio no lugar de xxxxx – Sergude (15881 – Boqueixón – A Coruña), en representación de CONSTRUCIÓNS BOQUEIXÓN, S.L., con CIF nº: B15481716, achégase unha solicitude de licenza municipal de obras, para a “construción

dunha nave industrial para almacén”, que se pretende no Polígono Industrial SAUI-1 de Sergude, na parcela nº: 12, presentando un proxecto técnico básico, asinado polo arquitecto D. Carlos Valderrama Ferrando, colexiado nº: 2.969.

Con data do 23/02/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un informe técnico favorable condicional, en base á documentación técnica achegada, mediante o cal solicita mais documentación técnica a administrativa, que xustifique a legalidade urbanística vixente, para a concesión da licenza municipal de obras.

Con data do 02/03/2017, mediante oficio da Alcaldía, con rexistro de saída nº: 2017/0214, ponse en coñecemento do promotor do expediente, unha copia orixinal do informe técnico emitido, para que no prazo de 30 días proceda a emendar o proxecto achegado, no sentido no que no dito informe se indica.

Con data do 18/05/2017, con rexistro de entrada nº: 2017/1027, polo promotor do expediente, achégase unha nova documentación técnica e administrativa, con relación ao informe técnico emitido con data do 23/02/2017.

Con data do 24/05/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite o **informe técnico favorable**, en base á nova documentación técnica achegada, e que literalmente di:

1. *Con data do 18 de maio de 2017 (RE nº2017/1027), achégase a documentación indicada en informe técnico anterior.*
2. *No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.*
3. *Para poder iniciar as obras, deberase achegar proxecto de execución visado, así como certificación e etiqueta de eficiencia enerxética do proxecto, rexistrados no INEGA.*
4. *Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previas á concesión da licenza municipal de obras, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.*

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- *A solicitude da licenza municipal de obras*
- *O proxecto técnico básico (novembro 2016), e anexo modificado (marzo 2017)*
- *O xustificante de pago das taxas municipais, do 06/12/2016, por importe de 1091,52 €*
- *Copia simple do Rexistro da Propiedade da finca nº: 12*
- *Ficha catastral da parcela*
- *O oficio de dirección de obra*
- *O oficio de dirección de execución de obra*
- *O oficio de coordinación de seguridade e saúde*
- *O informe técnico favorable, de data do 24 de maio de 2017*

Con data do 16 de xuño de 2017, emítese o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Vistos os antecedentes expostos, e unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a “Licenza Municipal de Obras”, a D. Jesús xxxxx, con DNI nº: xxxxx, con domicilio no lugar de xxxxx – Sergude (15881 – Boqueixón – A Coruña), en representación de CONSTRUCCIÓN BOQUEIXÓN, S.L., con CIF nº: B15481716, para as seguintes actuacións:

- Construción dunha nave industrial para almacén

Esta licenza concédese salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

01. Número do expediente municipal: 2016 / 2652
02. Promotor do expediente: CONSTRUCCIÓN BOQUEIXÓN, S.L.
03. C.I.F. do promotor: B15481716
04. Representante: D. Jesús xxxxx
05. D.N.I. do representante: xxxxx
06. Clasificación urbanística: Solo Urbano. Zona 5ª (SAUI-1 – Plan Parcial)
07. Tipo de licenza: Construción dunha nave industrial para almacén
08. Situación e emprazamento: SAUI-1 – PARCELA 12 (Polígono Industrial Sergude)
09. Referencia catastral da parcela: 2721402NH4422S0001AK
10. Superficie construída:
 - Planta Primeira – Oficinas: 72,00 m²
 - Planta Baixa – Almacén: 271,07 m²
 - Planta de Soto: 525,48 m² (non computa)
11. Edificabilidade total: 343,07 m² (permitido 343,07 m²)
12. Volume: 1842,26 m³ (permitido 1842,26 m³)
13. Taxa municipal pola tramitación do expediente: 1091,52 (abonada con data 06/12/2016)
14. Orzamento de execución material das obras previstas: 150000
15. Liquidación do I.C.I.O. (1,9%, segundo ordenanza vixente): 2850 €
16. Técnico redactor do proxecto: D. Carlos Valderrama Ferrando, colexiado nº: 2.969
17. Dirección de obras: D. Carlos Valderrama Ferrando, colexiado nº: 2.969
18. Dirección de execución de obra: D. Juan C. Lortes Gómez, colexiado nº: 2179
19. Coordinación de seguridade e saúde: D. Juan C. Lortes Gómez, colexiado nº: 2179
20. Prazos de execución:
 - Para comezar as obras: 6 MESES (desde o día seguinte a notificación desta licenza)
 - Para terminar as obras: 3 ANOS (desde o día seguinte a notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais:

21. Para poder iniciar as obras, deberase achegar proxecto de execución visado, así como certificación e etiqueta de eficiencia enerxética do proxecto, rexistrados no INEGA
22. Deberase instalar o cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: *Tipo de obra; número de licenza; prazos de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora.*
23. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias, e seguros correspondentes.
24. No caso de invadir a vía pública durante a execución das obras, deberanse tomar as medidas de seguridade e saúde necesarias.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (ICIO), por importe de 2850 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación do ICIO:

A liquidación por importe de **2850 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo a D. Jesús xxxxx, “Construcións Boqueixón S.L.”, xxxxx – Sergude, 15881 – Boqueixón, A Coruña

B) Expte.: 2017 / 0256 - Concesión licenza municipal de obras

Antecedentes:

Con data do 10/02/2017, con rexistro de entrada nº: 2017/0256, por D^a. María de los Ángeles xxxxx, con DNI nº: xxxxx, con domicilio no lugar de Vilar xxxxx Lestedo (15881 – Boqueixón – A Coruña), achégase unha solicitude de licenza municipal de obras, para o “*acondicionamento dun local comercial existente, para librería*”, sito no lugar de Vilar, na parroquia de Sta. María de Lestedo, presentando un proxecto técnico básico e de execución, asinado polo arquitecto D. Jorge Vales Fernández, colexiado nº: 3.900.

Con data do 13/03/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite o **informe técnico favorable**, en base á documentación técnica achegada, e que literalmente di:

1.No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.

2.O edificio localízase na zona de protección do Cruceiro de Vilar, incluído no Catálogo do PXOM coa clave CR-12, e un grao de protección integral (nivel I). En cumprimento da normativa sectorial de aplicación, será necesaria a autorización previa do Servizo de Patrimonio Cultural. As maiores condicións que se podan establecer no correspondente informe serán de obrigado cumprimento.

3.Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previas á concesión da licenza municipal de obras, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.

Con data do 14/03/2017, con rexistro de saída nº.: 2017/0244, solicítase o informe sectorial ou autorización previa, das obras previstas, ao Servizo de Patrimonio Cultural.

Con data do 26 de maio de 2017; emítase a Resolución de autorizar as obras solicitadas coas condicións sinaladas no informe da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego da Coruña, con relación ao expediente nº.: 581/17, de acondicionamento de local no xxxxx, para librería, a nome de María de los Ángeles xxxxx, a cal ten entrada no Concello de Boqueixón, con data do 31/05/2017, con rexistro de entrada nº.: 2017/1123.

Con data do 16 de xuño de 2017, emítase o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- *A solicitude da licenza municipal de obras*
- *O modelo de estatística de edificación e vivenda*
- *O proxecto técnico básico e de execución de obras, con nº: de visado 1700611,6; de data do 08/02/2017.*
- *O xustificante de pago das taxas municipais, do 15/02/2017, por importe de 61,62 €*
- *O oficio de dirección de obra*
- *O informe técnico favorable, de data do 13 de marzo de 2017*

Vistos os antecedentes expostos, e unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a “Licenza Municipal de Obras”, a D^a. María de los Ángeles xxxxx, con DNI nº: xxxxx, para as seguintes actuacións:

- Acondicionamento dun local comercial existente, para librería

Esta licenza concédese salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

1. Número do expediente municipal: 2017 / 0256
2. Promotora do expediente: María de los Ángeles xxxxx
3. D.N.I. da promotora: xxxxx
4. Clasificación urbanística: Solo Urbano. Zona 2
5. Tipo de licenza: Acondicionamento dun local comercial existente, para librería
6. Situación e emprazamento: Lugar de Vilar – Parroquia de Sta. María de Lestedo
7. Referencia catastral da parcela: 3187414NH4338N0001WL
8. Superficie construída existente baixo comercial: 148 m²
9. Superficie utilizada librería: 99,43 m²
10. Taxa municipal pola tramitación do expediente: 61,62 (abonada con data 15/02/2017)
11. Orzamento de execución material das obras do expediente: 14580,91
12. Liquidación do I.C.I.O. (1,9%, segundo ordenanza vixente): 277,04 €
13. Técnico redactor do proxecto: Jorge Vales Fernández, colexiado nº: 3.900 COAG
14. Prazos de execución:
 - Para comezar as obras: 6 MESES (desde o recibo de notificación desta licenza)
 - Para terminar as obras: 3 ANOS (desde o recibo de notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais:

15. As obras a executar, deberanse adaptar as recollidas no proxecto técnico básico e de execución, que serviron de base para a tramitación deste expediente, con número de visado 1700611,6; de data do 08/02/2017.

16. En base a autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, “a pintura de acabado da fachada, será idéntica á do resto do edificio no que o local se atopa integrado”.

17. No caso de invadir a vía pública durante a execución das obras, deberanse tomar as medidas de seguridade e saúde necesarias.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (ICIO), por importe de 277,04 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación do ICIO:

A liquidación por importe de **277,04 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo, a María de los Ángeles xxxxx

4. Alta no servizo de axuda no fogar por libre concorrencia

A Xunta de Goberno acorda unha alta no servizo de axuda no fogar por libre concorrencia

5. Modificación nas condicións e na contía de axuda económica por emerxencia social, concedida na Xunta de Goberno do 18 de maio do 2017.

A Xunta de goberno acorda a modificación nas condicións e na contía de axuda económica por emerxencia social, concedida na Xunta de Goberno do 18 de maio do 2017.

6. Aprobación das bases do I concurso de xardineiras de Boqueixón

Por decreto de alcaldía de data 18 de marzo de 2016, aprobáronse as bases de reguladoras do “Proxecto: apadriña/ amadriña unha xardineira”.

Por medio deste proxecto, formalizáronse con un total de 69 padriños/madriñas de xardineiras distribuídas por todo o municipio.

O obxectivo deste proxecto foi involucrar á veciñanza no coidado da contorna mediante unha aportación persoal e artística ó espazo público, procurárase así unha serie de beneficios socioambientais, harmonización e recuperación da contorna rural.

Na procura do mantemento destes obxectivos, é dicir, establece unha contribución cidadá á mellora estética da nosa contorna e á mellora da calidade ambiental, proxéctase como acción complementaria e continuadora da anterior, o “I Concurso de xardineiras de Boqueixón”.

Polo cal, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar as seguintes bases:

BASES DO “I CONCURSO DE XARDINEIRAS DE BOQUEIXÓN”:

PRIMEIRA.- Con este concurso preténdese chamar a atención sobre os beneficios ambientais da recuperación das xardineiras como elementos vivos do municipio. A proposta pretende reivindicar as xardineiras como elementos de sustentabilidade, debido á súa contribución coa mellora paisaxística e ambiental da contorna rural, así como a achega individual ó benestar colectivo.

SEGUNDA.- Poderán participar no concurso de xardineiras:

Todos/as padriños/as titulares de xardineiras. En caso de apadriñar/ amadriñar varias xardineiras poderán presentar a concurso o número de xardineiras que considere.

TERCEIRA.- O prazo de inscrición para participar no concurso abrírase dende o 1 de xullo ata o 21 de xullo de 2017. Ós participantes facilitaráselle un distintivo que terá que exhibirse nun lugar visible da xardineira que participe no concurso.

A inscrición no concurso efectuarase por algún dos seguintes procedementos:

- Correo electrónico: boqueixonturismo@gmail.com ou emprego@boqueixon.com
- Entrega persoal nas dependencias da Casa do Concello, 1ª planta, Forte, s/n-Boqueixón en horario de 09:00h. a 15:00h.

Coa inscrición achegarase a seguinte documentación:

- Copia do DNI do titular padriño/ madriña
- Impreso de solicitude de participación cuberto todos os datos e asinado.

CUARTA.- O 27 e 28 de xullo de 2017, o xurado profesional e imparcial nomeado por alcaldía valorará as xardineiras presentadas a concurso. De xeito que estes dous días o xurado, visitará as xardineiras e obterá un dossier fotográfico das mesmas. Estas imaxes serán propiedade exclusiva da organización e poderanse publicar en distintos medios segundo necesidade da organización.

O xurado avaliará os seguintes criterios: variedade floral, orixinalidade da ornamentación, harmonía no crecemento das plantas, combinación de cores, innovación das especies.

A resolución do xurado será inapelable, e poderán ser declarados todos os premios ou algún deles no caso de non reuniren calidade suficiente.

QUINTA.- O fallo coñecerase o 1 de agosto e os premios entregaranse nun acto público convocado para tal efecto.

SEXTA.- Entregaranse os seguintes premios:

1º PREMIO: VALE por valor de 100€ para trocar por plantas, substrato, etc nos viveiros de Boqueixón e un DIPLOMA acreditativo.

2º PREMIO: VALE por valor de 75€ para trocar por plantas, substrato, etc nos viveiros de Boqueixón e un DIPLOMA acreditativo.

3º PREMIO: VALE por valor de 50€ para trocar por plantas, substrato, etc nos viveiros de Boqueixón e un DIPLOMA acreditativo.

SÉTIMA.- O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación das bases anteriormente descritas.

2.- O Concello de Boqueixón realizará as seguintes achegas:

- Organización do concurso.
- Difusión da campaña (páx. web, notas de prensa, radio, presentación oficial para prensa, material divulgativo e de participación).
- Financiar o custo dos premios.
- Asumir os custos derivados da manutención do xurado.
- Asegurar as condicións de funcionamento óptimo do xurado do concurso.

3.- Dispor da asignación orzamentaria para facer fronte á achega municipal.

7. Autorización á asoc. de festexos S. Bieito de Sergude, para a realización do III Concurso Morfolóxico Cabalar de Boqueixón 2017

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, das bases do réxime local establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal. Por outra parte, o artigo 25.2 m) da mesma norma outorga competencias ós concellos en materia de promoción da cultura e de equipamentos culturais e o 25.1) en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e ocupación do tempo libre.

Con rexistro nº 201700000001293 do 19/06/2017, dóuselle entrada neste concello a unha solicitude da Asociación de Festexos San Bieito de Sergude, mediante a cal solicitan autorización para poder levar a cabo o “III Concurso Morfolóxico Cabalar de Boqueixón” no Campo da Feira de Rodiño- Sergude o 13 de agosto de 2017.

Unha vez revisada a documentación aportada pola Asociación de Festexos San Bieito de Sergude sobre a organización e desenvolvemento do evento e tendo constancia da existencia deste puxante sector no municipio, A Xunta de Goberno acorda:

1.- Autorizar á Asociación de Festexos San Bieito de Sergude para organizar no Campo da Festa de Rodiño- Sergude do “III Concurso Morfolóxico Cabalar de Boqueixón 2017” o 13 de agosto de 2017.

2.- Comunicar este acordo ós departamentos de Secretaria-Intervención e Coordinación de Servizos e Obras.

8. Concesión dunha axuda económica á asociación deportiva Futsal Boqueixón e a Motoclub Boqueixón

A) Concesión dunha axuda económica ao Futsal Boqueixón

O día 12 de xuño de 2017, a entidade deportiva Futsal Boqueixón con CIF G70501754, solicita unha axuda económica de 200 € para colaborar cos gastos de organización do I Campionato de Fútbol Sala a celebrar o 24 de xuño.

A Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, establece no seu art. 19.4 c) que poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outros debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Así mesmo, o art. 15.2 c) da mesma lei establece que non será necesaria a publicación das subvencións concedidas, cando os importes, individualmente considerados, sexan de contía inferior a 3.000 euros.

Dito club realiza unha labor de promoción do deporte base, mediante a práctica continuada do fútbol sala en idade escolar, fomentando hábitos de vida saudables entre este colectivo. Ademais con este evento do día 24 preténdese unha promoción económica e turística do noso concello polo que a Xunta de Goberno acorda:

1 Conceder ao Futsal Boqueixón, inscrita co nº 060 no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, unha axuda económica de **200 euros** para sufragar os gastos descritos na súa solicitude.

2 Comunicar que no momento en que presente a xustificación dos gastos subvencionables, seralle realizado o pagamento correspondente.

3 Comunicar a Tesourería que realice o pagamento con cargo á partida 924.480 do orzamento do ano 2017.

B) Concesión dunha axuda económica ao Motoclub Boqueixón

Con rexistro de día 26 de maio, don Jesús xxxxx, como presidente do Motoclub Boqueixón, solicita unha axuda económica para sufragar os gastos da Concentración Anual Mototurística, a celebrar o día 3 de setembro de 2017.

A Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, establece no seu art. 19.4 c) que poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outros debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Así mesmo, o art. 15.2 c) da mesma lei establece que non será necesaria a publicación das subvencións concedidas, cando os importes, individualmente considerados, sexan de contía inferior a 3.000 euros.

Coa organización deste evento, este club está a promocionar de xeito visible o turismo e a actividade económica do noso municipio, o cal comporta un claro interese económico, polo que a Xunta de Goberno acorda:

1 Conceder ao Motoclub Boqueixón, inscrita co nº 022 no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, unha axuda económica de **200 euros** para cubrir os gastos descritos na súa solicitude.

2 Comunicar que no momento en que presente a xustificación dos gastos subvencionables, seralle realizado o pagamento correspondente.

3 Comunicar a Tesourería que realice o pagamento con cargo á partida 924.480 do orzamento do ano 2017.

9.Aboamento do prezo final pola adquisición da Antiga Cámara Agraria Local, sita en Boqueixón

A Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 16 de febreiro de 2107, acordou comprar á Consellería de Facenda o inmovible, situado no concello de Boqueixón, da antiga cámara agraria local, no prezo de 30.155,64 €.

Con data 20 de febreiro de 2017, remítese á Consellería a solicitude de compra do inmovible e o xustificante do pagamento do 25% do prezo total (7.538,91 €).

Con data 6 de xuño de 2017, recíbese no concello a Orde do 22 de maio de 2017 da Consellería de Facenda pola que se acorda a venda do inmovible ao concello.

Por todo o cal, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Pagar á Consellería de Facenda, Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio o importe de 22.616,73 € (75% restante do prezo total), pola adquisición do inmovible da antiga cámara agraria local.

Segundo.- Comunicar este acordo ao tesoureiro municipal, para que a maior brevidade proceda co pagamento.

Terceiro.- Comunicar, así mesmo, este acordo a Consellería de Facenda, aos efectos que procedan.

10. Rexeitamento solicitude de requirimento de limpeza de parcelas, no lugar de Agra – Loureda

ANTECEDENTES

Con data 9 de maio do 2017, co número de entrada 940/2017, recíbese no concello de Boqueixón escrito de denuncia presentado por dona Victoria xxxxx, expoñendo o seguinte:

- Que no lugar de Agra-Loureda, nas parcelas con referencia catastral 000800400NH44F0000UQ, 15012A502001180000WI e 15012A502003560000WB, existen silvas e maleza que están a invadir o peche da parcela da finca colindante.

- Que as silvas e maleza que invaden o peche da finca colindante vulneran o disposto nos artigos 135. 1.c) e 135.3 e 136.1 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; o disposto no artigo 21 Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de Montes de Galicia; o disposto no PXOM de Boqueixón, artigo 2.2.9 e 2.2.10 e o disposto na Ordenanza Fiscal pola que se establece o prezo público pola realización de traballos de limpeza de terreos pertencentes a propietarios e titulares obrigados ao seu mantemento, artigos 2,3,4,5 e 6.

- Que se obrigue ó propietario das fincas con referencia catastral 000800400NH44F0000UQ, 15012A502001180000WI e 15012A502003560000WB a manter a gabia limpa de maleza e de silvas.

- Achega mapa con identificación das parcelas e fotografías da situación actual.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade das fincas con referencia catastral 000800400NH44F0000UQ, 15012A502001180000WI e 15012A502003560000WB.

Figura como titular da finca con referencia catastral 000800400NH44F0000UQ, dona Carmen xxxxx e herdeiros de don José Manuel xxxxx.

Figura como titular das fincas con referencias catastrais 15012A502001180000WI e 15012A502003560000WB, dona Carmen xxxxx.


Igualmente compróbase que a parcela que dona Vitoria xxxxx sinala no senso de que “existen silvas e maleza que están a invadir o “peche da parcela da finca colindante””, é a parcela número 114, polígono 502, do lugar de Agra – Loureda.

Á vista dos datos catastrais expostos e do plano de situación urbanística do concello sinalar que a finca con referencia catastral 000800400NH44F0000UQ non linda coa finca sinalada como afectada, a parcela número 114, polígono 502, do lugar de Agra – Loureda.

Según informe técnico de dona María Carmen Novoa Sío, dos servizos técnicos e urbanísticos municipais, de data 20 de xuño do 2017, infórmase o seguinte:

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

O Concello de Boqueixón conta para a súa ordenación urbanística con Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante, PXOM), aprobado definitivamente mediante Orde do 6 de febreiro de 2015, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG 32-17.02.2015, BOP 37-25.02.2015), ó abeiro da última redacción da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. A día de hoxe, o PXOM atópase afectado pola entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en diante, LSG), e polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia (en diante, RLSG).



Detalle do plano de clasificación C-04 do PXOM.

Segundo o plano de clasificación C-04 do PXOM, as fincas teñen as seguintes clasificacións e cualificacións:

- Finca 114 (afectada): solo rústico de especial protección agropecuaria, e solo de núcleo rural.
- Finca 118 (denunciada): solo rústico de especial protección agropecuaria, e de augas.
- Finca 356 (denunciada): solo rústico de especial protección agropecuaria, e solo de núcleo rural.

Como se pode comprobar, existen pequenas discrepancias nos lindeiros das fincas entre a información catastral actualizada e a cartografía do PXOM. Dado que na denuncia presentada faise referencia ós datos catastrais, tomarase como referencia a devandita cartografía, sempre sen prexuízo de que se achegue maior documentación ó expediente.

VISITA DE COMPROBACIÓN.

Realizada visita ó lugar da Agra con data do 24 de maio de 2017, compróbase o estado actual das fincas denunciadas.

LINDEIRO FINCAS 114-118





LINDEIRO FINCAS 114-356



NORMATIVA DE APLICACIÓN.

En referencia ós artigos 135 e 136.1 da LSG, e ó artigo 2.2.9 do PXOM de Boqueixón, mencionados na denuncia presentada, compre indicar que, á vista da visita realizada ó lugar, quen asina entende que a situación actual dos lindeiros entre as fincas 118 e 356 coa finca 114 non supón un caso de falta de salubridade, seguridade ou ornato público, para os que estarían previstos ditos artigos. En consecuencia, non se consideran de aplicación neste caso.

Con respecto á Ordenanza municipal mencionada na denuncia, compre indicar que as parcelas denunciadas están cultivadas a día de hoxe, e sen árbores en todo a súa extensión máis próxima ós lindes coa finca 114, polo que non se pode determinar que exista unha falta de mantemento que carrexese un problema de salubridade.

*Así mesmo, compre indicar que na denuncia faise fincapé ó artigo 2, no que se di que “os propietarios [...] están obrigados a manter as súas parcelas así como os camiños de titularidade privada **e as súas gabias limpos de maleza e restos, así como a ter a masa arbórea rareada**”. Á vista da visita realizada non se observa a existencia de ningún camiño de titularidade privada na zona próxima ós lindeiros entre as fincas mencionadas, e polo tanto, tampouco existen gabias. En consecuencia, non resulta de aplicación para este caso.*

Con respecto ó artigo 21 da Lei 3/2007 mencionado na denuncia, compre indicar o seguinte:

- No que atinxe ó lindeiro entre as fincas 114 e 118, non se cumpre coa distancia establecida ó núcleo rural, ou a edificacións e vivenda illadas (non existen depósitos de lixo, parques e instalacións industriais) localizadas a menos de 400 metros do monte, polo que o artigo non resulta de aplicación.
- No que atinxe ó lindeiro entre as fincas 114 e 356, aínda que si se localiza a menos de 50 metros da delimitación do núcleo rural, logo da visita realizada, á vista de que a finca está cultivada, e de que a vexetación existente é moi escasa, considérase que, á día de hoxe, dita vexetación non supón un risco para a propagación de incendios forestais, de acordo co punto 2 da disposición adicional terceira da Lei 3/2007. En consecuencia, o devandito artigo non resulta de aplicación.

. CONCLUSIÓNS.

Á vista da documentación incluída no expediente, e da visita ó lugar, quen asina entende que a incipiente vexetación existente nos lindeiros das fincas mencionadas non constitúe, a día de hoxe, un problema de salubridade, seguridade ou ornato público, de acordo co establecido na LSG e no PXOM.

Así mesmo, no que atinxe ó resto da normativa mencionada, non resulta de aplicación para este caso.

Infórmase ós efectos oportunos.”

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

2. O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmoables a:

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

3. O artigo 21 da Lei 3/2017, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, establece que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión da biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais, será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor das edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulado nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

4. O artigo 2.2.9 e 2.2.10 do PXOM de Boqueixón que sinala que:

- 1. Os propietarios de edificacións, urbanizacións, terreos e instalacións permanentes ou temporais de calquera tipo teñen o deber de conservación conforme se establece no artigo 135.3 da lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia.

E o artigo 2.2.10 do PXOM de Boqueixón sinala que considéranse contidas no deber de conservación:

a) As actuacións que teñan por obxecto manter os terreos, urbanizacións, edificios e instalacións en estado de seguridade, salubridade e ornato público. En tales actuacións incluíranse, en todo caso, as necesarias para asegurar o correcto uso e funcionamento dos

servizos e elementos propios das construcións e a reposición habitual dos compoñentes de elementos ou instalacións.

5. Ordenanza fiscal municipal pola que se establece o prezo público pola realización de traballos de limpeza de terreos pertencentes a propietarios e titulares obrigados ao seu mantemento.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Rexeitar o requirimento de limpeza da parcela con referencia catastral 000800400NH44F0000UQ, posto que a vista dos datos catastrais expostos e do plano de situación urbanística do concello non linda coa finca sinalada como afectada, a parcela número 114, polígono 502, do lugar de Agra – Loureda.

2. Rexeitar o requirimento de limpeza das parcelas con referencia catastral 15012A502001180000WI (parcela 118, polígono 502) e 15012A502003560000WB (parcela 356, polígono 502), propiedade de dona Carmen xxxxx posto que:

a) A situación actual dos lindeiros entre as fincas 118 e 356, en relación coa 114, non supoñen un caso de falta de salubridade, seguridade, ou ornato público, non sendo de aplicación os artigos 135 e 136.1 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

b) Que non resulta de aplicación o artigo 21 da Lei 3/2007 neste caso, posto que no que atinxe ó lindeiro entre as fincas 114 e 118, non se cumpre coa distancia establecida ó núcleo rural, ou a edificacións e vivenda illadas (non existen depósitos de lixo, parques e instalacións industriais) localizadas a menos de 400 metros do monte, e no que atinxe ó lindeiro entre as fincas 114 e 356, aínda que si se localiza a menos de 50 metros da delimitación do núcleo rural, á vista de que a finca está cultivada, e de que a vexetación existente é moi escasa, considérase que dita vexetación non supón un risco para a propagación de incendios forestais, de acordo co punto 2 da disposición adicional terceira da Lei 3/2007.

c) A ordenanza fiscal municipal que establece o prezo público pola realización de traballos de limpeza de terreos pertencentes a propietarios e titulares obrigados ao seu mantemento (Aprobada no pleno de 9/07/2008 e logo modificada no pleno do 26 de novembro do 2014) non resulta de aplicación por unha banda porque as parcelas están cultivadas actualmente e sen árbores en toda a súa extensión máis próxima ós lindes coa finca 114, non podéndose determinar que exista unha falta de mantemento que carrexese un problema de salubridade e por outra banda tampouco se observa a existencia de ningún camiño privado na zona próxima ós lindeiros entre as fincas mencionadas, non existindo gabias

3. Dar traslado deste acordo os interesados.

11. Inicio expediente de responsabilidade patrimonial do concello por danos causados nunha roda traseira de bicicleta

ANTECEDENTES

1. Con data 12 de maio do 2017, rexistro de entrada número 978/2017, don Laurent xxxxx, presenta no concello escrito de reclamación de responsabilidade patrimonial da Administración municipal, en base os seguintes feitos:

- Que sufriu un accidente o día 9 de abril do 2017 nunha estrada municipal por culpa dunha árbore que invadía a mesma.

- Solicita o reembolso do material danado (roda dunha bicicleta) que ascende a un total de 900 €.

Achega igualmente a seguinte documentación:

-Reportaxe fotográfica do lugar do accidente: obsérvase a árbore caída na estrada, ó ciclista amosando os danos na roda traseira da bicicleta e a identificación da bicicleta.

-Copia de documentación de identidade persoal

- Copia do informe estatístico da garda civil, destacamento de Santiago de Compostela

-Certificado de establecemento comercial sinalando o estado e o custo de reposición da roda danada.

2. O informe estatístico da garda civil, destacamento de Santiago de Compostela, realizado polos axentes instrutores número 1: Z68052U E e número 2: K48091B, con data 9 de abril do 2017 sinala que “o implicado circula sentido Lavacolla a Forte, cando un vehículo o adianta, e el, ó arrimarse ao marxe dereito, non pode evitar chocar con un obstáculo (eucalipto) que se atopa caído ocupando parcialmente a vía.

Posible causa: obstáculo na vía (eucalipto)

Nº de identificación bicicleta: WTU037CT5086H0817”.

3. Con data 16 de maio do 2017 emítese informe polo responsable técnico auxiliar do departamento de urbanismo, que sinala o seguinte:

“1º.- Con data do 11 de maio de 2017, con rexistro de entrada nº.: 2017/0978, por D. LAURENT xxxxx, con N.I.E. nº.: xxxxx, preséntase unha reclamación patrimonial, por supostos danos nunha bicicleta, reclamando o valor do material danado, no momento do accidente. Pon a disposición do Concello de Boqueixón, a roda danada da bicicleta, para poder realizar as comprobacións oportunas, e aporta como xustificación a seguinte documentación:

- Fotos do lugar do accidente*
- Documentación de identidade persoal do solicitante*
- Informe da Garda Civil*
- Carta certificada do mecánico – vendedor D. DANIEL xxxxx, con D.N.I. nº.: xxxxx, do establecemento comercial MyTopBike, con C.I.F. nº.: J70361365, sito na Rúa xxxxx – baixo, en Santiago de Compostela, relativo ó valor dos danos causados, por importe de 900 €.*

2º.- Revisada toda a documentación aportada ao expediente, incluídas as fotos do bache, e o informe estadístico cos datos xerais do accidente, o que abaixo asina, que emite o presente informe, con data do 16 de maio de 2017, realiza visita de comprobación e investigación da situación do dito accidente, mediante a cal se comprobaban os seguintes datos:

*a).- Localizado o punto do accidente, e medidos os puntos quilométricos da vía que discorre desde Lavacolla a Forte, o mesmo localízase no **PK 2+600***

*b).- Dentro do Concello de Boqueixón, a vía está identificada no inventario de vías municipais (actualmente vixente), co nº.: **100**, e o punto do suposto accidente, encontraríase no **PK 1+100**.*

CONCLUSIÓN: *Analizada a documentación presentada, e realizada visita de comprobación ao lugar do accidente, pódese determinar que o mesmo foi dentro dos límites municipais do Concello de Boqueixón, en concreto, no punto quilométrico 1+100 da vía municipal nº: 100, do inventario municipal de camiños públicos deste concello.*

Xunto a este informe incorpóranse os seguintes datos:

- *Fotografías realizadas por quen asina este informe, sobre a localización do punto quilométrico no que se produzo a suposto accidente, e que coinciden coas fotografías aportadas polo reclamante.*
- *Plano da situación xeográfica da vía municipal nº.: 100, sobre o que se sinala o punto quilométrico 1+100 (lugar do suposto accidente).*

O que se informa aos efectos oportunos”

4. Con data 26 de maio do 2017, rexistro de saída 504/2017, remítese escrito a don Laurent xxxxx requiríndolle que presente, para unha correcta valoración dos danos, o presuposto de arranxo ou factura da roda da bicicleta danada.

5. Con data 8 de xuño do 2017, número de rexistro de entrada 1190/2017, don Laurent xxxxx presenta factura (número 105/2017 de data 07/07/2017) de reposición de roda traseira “shimano dura-ace c24” por importe total de 900 €.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. O artigo 106.2 da Constitución Española sinala que “Os particulares, nos termos que establece a lei, terán dereito a ser indemnizados por toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

2. O artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local sinala que o concello exercerá en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das CCAA, nas seguintes materias:

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

3 . O artigo 57 do Texto Articulado da Lei sobre o Tráfico e Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, aprobado por RDL 339/1990, sinala que lle corresponde “ao titular da vía a responsabilidade de mantemento da mesma nas mellores condicións posibles de seguridade para a circulación e a instalación e conservación nela das adecuadas sinais e marcas viais.”

4. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, título IV, capítulo VI, “Da tramitación simplificada do procedemento administrativo común”, sinala no seu artigo 96.1 que “Cando razóns de interese público ou falta de complexidade do procedemento así o aconsellen, as Administracións Públicas poderán acordar, de oficio ou a solicitude do interesado, a tramitación simplificada do procedemento”.

5. O artigo 96.2 sinala que “Cando a Administración acorde de oficio a tramitación simplificada do procedemento deberá notificalo ós interesados. Si algún deles manifestara a súa oposición expresa, a Administración deberá seguir a tramitación ordinaria.”

Tendo en conta tal e como se acredita no informe da garda civil de tráfico do 9 de abril do 2017 e na reportaxe fotográfica realizada (na cal aparece ademais o vehículo de tráfico) a existencia dunha árbore invadindo a vía municipal número 100, que provocou danos na roda traseira da bicicleta ao arrimarse ó marxe dereito, co cal existe unha inequívoca relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e o dano ocasionado:

A Xunta de Goberno acorda:

1. Iniciar o procedemento simplificado de responsabilidade patrimonial por danos, por falta de complexidade do mesmo e admitir a inequívoca relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e o dano causado a don Laurent xxxxx na roda traseira “shimano dura-ace c24” da bicicleta da súa propiedade, con identificación WTU037CT5086H0817.
2. Outorgarlle unha indemnización por importe de 900 €, pola reposición da roda traseira “shimano dura-ace c24” da bicicleta da súa propiedade, con identificación WTU037CT5086H0817.
3. Comunicarlle este acordo ao interesado para que poida efectuar as alegacións que estime pertinentes durante o prazo de cinco días.
4. Si neste prazo non se presentaran alegacións este acordo será definitivo e procederase co aboamento do citado importe.

12.Inicio de execución subsidiaria para proceder coa corta de arboredo no lugar de Santabaia – Vigo

ANTECEDENTES

Con data 10 de marzo do 2017, número de rexistro de entrada 464/2017, don José xxxxx, do lugar de Santabaia xxxxx, Vigo, expón que enriba de edificacións da súa propiedade, existen numerosas polas de piñeiros.

Sinala que a parcela onde están os piñeiros, está igualmente a carón dun camiño público, obstruíndo os mesmos o paso.

Solicita a corta do arboredo ata que se garden as distancias que sinala a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Así mesmo indica que a leira é propiedade de dona Mercedes xxxxx.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, e mediante usuario rexistrado a nome do Concello de Boqueixón, que a leira é propiedade de herdeiros de don Avelino xxxxx, polígono 10, parcela 435.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 6 de abril do 2017 acordouse requirir ós propietarios da leira, herdeiros de don Avelino xxxxx, para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de arboredo (piñeiros), ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais respecto das edificacións de don José xxxxx; que en caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben

forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas e déuselles trámite de audiencia.

A notificación do requirimento de corta foi recibida por herdeiros de don Avelino xxxxx o 24 de abril do 2017.

Non presentaron alegacións ao respecto.

Según informe do técnico municipal, do 19 de xuño do 2017: *“Feita segunda inspección técnica no lugar de Santabaia - Vigo, compróbase que a parcela número 435, polígono 10, Largo Doliñón, está dedicada a pinar.*

No citado pinar que está preto das edificacións (estabulamentos gandeiros) de don José xxxxx e a menos de 30 metros das mesmas, non se procedeu coa corta do arboredo.

Non se respecta polo tanto o establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Existen piñeiros cuxas pólas están enriba dunha edificación.

O camiño público número 10165 non se atopa obstruído polas árbores (piñeiros)”

Con data 19 de xuño do 2017, a arquitecta municipal M^a Carmen Novoa Sío presenta memoria valorada sobre corta de plantación de piñeiros (polígono 10, parcela 435) no lugar de Santabaia - Vigo sinalando o seguinte:

1. OBXECTO DA MEMORIA

Redáctase a presente valoración, a petición do Concello de Boqueixón, co obxecto de que se informe sobre a valoración da corta dunha plantación de piñeiros na finca 435 do polígono 10, localizada no lugar de Santa Baia, parroquia de Vigo, que non gardan as distancias á delimitación do núcleo rural e do solo rústico de protección agropecuaria establecidas na normativa vixente.


2. ANTECEDENTES.

As actuacións que se pretenden realizar e que aparecen reflectidas na presente memoria teñen por obxecto a corta dunha plantación de piñeiros. A necesidade da corta ven derivada do procedemento iniciado polo Concello de Boqueixón, logo da denuncia presentada por D. José xxxxx.

3. LOCALIZACIÓN.

As árbores localízanse nas inmediacións do lugar de Santa Baia, parroquia de Vigo. Segundo os datos catastrais, a finca é a seguinte:

POLÍGONO	PARCELA	REFERENCIA	SUPERFICIE
10	435	15012A010004350000EP	2.854m ²



DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE	
Referencia catastral	15012A010004350000EP  
Localización	Polígono 10 Parcela 435 LARGO DOLIÑÓN. BOQUEIXON (A CORUÑA)
Clase	Rústico
Uso principal	Agrario

PARCELA CATASTRAL		
	Localización	Polígono 10 Parcela 435 LARGO DOLIÑÓN. BOQUEIXON (A CORUÑA)
	Superficie gráfica	2.854 m ²

CULTIVO			
Subparcela	Cultivo/Aprovechamiento	Intensidad Productiva	Superficie m ²
0	MM Pinar maderable	01	2.854


4. MEMORIA URBANÍSTICA.

O Concello de Boqueixón conta para a súa ordenación urbanística con Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante, PXOM), aprobado mediante Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do 6 de febreiro de 2015 (DOG nº32 17.02.2015; BOP nº37 25.02.2015).

A día de hoxe, atópase afectado pola entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG); e polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o regulamento da lei do solo de Galicia (en diante, RLSG).

De acordo co plano de clasificación C-06, a finca na que se localizan as árbores atópase clasificada como SOLO RÚSTICO, na categoría de ESPECIAL PROTECCIÓN FORESTAL.

Segundo o punto 1.d) da disposición transitoria primeira da LSG, “ao solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo”; en consecuencia, resulta de aplicación o establecido na LSG para o SOLO RÚSTICO.



CATÁLOGO ARQUITECTÓNICO	DOTACIONES	SISTEMA XERAL VIARIO	CLASIFICACIÓN DO SOLO
CÓDIGO DE ELEMENTO ARQUITECTÓNICO AR-e ² ARQUITECTURA RELIXIOSA / CONXUNTO PARROQUIAL CR-e ² CRUCEROS E ELEMENTOS MENORES AC-e ² ARQUITECTURA CIVIL CP-e ² CONSTRUCCIÓN POPULARES OC-e ² OBRA CIVIL ELEMENTO ARQUITECTÓNICO CATALOGADO AMBIENTE CATALOGADO DOMINIO DE PROTECCIÓN DO ELEMENTO CATÁLOGO ARQUEOLÓXICO OA-1008001 CÓDIGO DO XACAMENTO ARQUEOLÓXICO ÁREA DE PROTECCIÓN INTEGRAL DO XAC. ARG. (SINAO II 1) ***** LÍNEA DE CAUTELA DO XAC. ARG. (SINAO I 2)	ZONAS VERDES E ESPACIOS LIBRES TIPO S. XERAL S. LOCAL ESPACIOS LIBRES ELX ELJ ZONAS VERDES ZVX ZVJ EQUIPAMENTOS TIPO S. XERAL S. LOCAL ADMINISTRATIVO ADX ADL CONXUNTO PARROQUIAL RCK RCL CEMENTERO CEX CEL COMERCIAL CMX CML DEPORTIVO DPX DPL DOCENTE DCK DCL RECREATIVO REX REL SANITARIO-ASISTENCIAL SAK SAK SOCIO-CULTURAL SKX SKL INFRAESTRUTURAS TIPO S. XERAL S. LOCAL SERVIZOS SRX SRL	REDE ESTATAL TIPO I - 1 N-608 ESTRADA NACIONAL TIPO II - 1 AP-53 ALTOVA REDE AUTONÓMICA TIPO II - 4 AC-300 ESTAD. REDE SECUNDARIA REDE PROVINCIAL TIPO II - 1 CP-1201 ESTAD. REDE PRIMARIA TIPO II - 2 CA-25 ESTAD. REDE MUNICIPAL TIPO IV - 2 CAMIÑO SISTEMA XERAL FERROVIARIO LÍNEA DO FERROCARREL (FF.CC) LÍNEA DO TREN DE ALTA VELOCIDADE (TAV) SISTEMA XERAL AEROPORTUARIO LÍMITE DA ÁREA DE CAUTELA SISTEMA XERAL AEROPORTUARIO (S.X.A) PRESADA BONDIA SERVIDUMES POLICIA DE CAUCES	SOLO LIBRADO (Determinado a través V1000) SOLO URBANIZABLE DELIMITADO SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORCAMVA SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN PARQUES NATURAIS SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN PAVANÉTICA SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN PATRIMONIAL

Detalle do plano C-06 do PXOM.

A lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, establece que as plantacións forestais deberán gardar as seguintes distancias:

<p>Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria</p>	<p>10 metros.</p>
<p>Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado.</p> <p>Con edificacions, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais ubicadas a menos de 400 metros do monte e fóra de solo urbano e de núcleo rural.</p>	<p>15 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I, e 30 metros no resto das especies.</p>



A superficie da finca 435 que non cumpre coas distancias indicadas é de 2337m².

5. COMPROBACIÓNS E DOCUMENTACIÓN.

Na presente valoración realizáronse as seguintes comprobacións:

Correspondencia coa parcela catastral	SI
Comprobación da clasificación urbanística	SI
Servidumes visibles	SI
Estado de conservación aparente	SI
Estado de ocupación, uso e explotación	SI
Así mesmo, a continuación reflíctese a documentación empregada para a realización da presente valoración:	
Plano de situación	MEMORIA
Esbozo das construcións existentes	NON PROCEDE
Reportaxe fotográfica	EN ANEXO
Documentación catastral	MEMORIA

6. MÉTODO DE VALORACIÓN.

Calcúlase o valor do levantamento das árbores a través do método de reposición, mediante a Base de Prezos da Construción de Galicia, tal e como queda reflectido no orzamento que se xunta, tendo en conta que a superficie de corta é de 2.337m².

7. RESUMO DA VALORACIÓN.

Á vista de todo o anteriormente exposto, ascende a presente valoración (IVE incluído) á cantidade de TRES MIL SEISCENTOS VINTETRES euros, con CORENTA E NOVE céntimos (3.623,49€).

E para que así conste, fírmase a presente memoria en lugar e data sinalados”

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

- O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a :

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

- - O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte**, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, mimosas, eucaliptos...)

As especies arbóreas sinaladas no anexo I da Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais, deberán gardar unha distancia de 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural).

As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

- En relación co aproveitamento madeireiro, o artigo 92.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que os propietarios de montes ou terreos forestais privados que desexen realizar neles aproveitamentos de madeira ou leña terán que solicitar a preceptiva autorización do órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio.

- Se ben o artigo 92.11 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nas cortas de arboredo de obrigada execución, de acordo co establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, será suficiente unha comunicación ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio.

- O artigo 22.3 da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a

xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas... poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

- O artigo 102 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, regula a execución subsidiaria dos actos que poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado e sobre o seu custo.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder coa corta de arboredo existente na leira número 435, polígono número 10, “Largo Doliñón” do lugar de Santabaia-Vigo, Boqueixón, propiedade de herdeiros de don Avelino xxxxx.
2. Aprobar a memoria valorada de corta de plantación de piñeiros, da parcela número 435, polígono número 10, lugar de Santa Baia – Vigo, propiedade de propiedade de herdeiros de don Avelino xxxxx, que ascende a un total de 3.623,49 €.
3. Comunicar que os traballos de execución subsidiaria de corta de arboredo que ascenden a un total de **3.623,49 €** terán que ser aboados polos propietarios da leira, herdeiros de don Avelino Iglesias Pena.
4. Dar trámite de audiencia ós citados propietarios para que presenten no seu caso as alegacións que estimen pertinentes.

13.Arquivo de expediente de limpeza de maleza de leira no lugar de A Igrexa – Pousada

Con data 19 de abril do 2017, número de rexistro de entrada 766/2017, dona Sandra xxxxx, con domicilio en xxxxx – Pousada, xxxxx, Boqueixón, presenta escrito sinalando que preto da súa vivenda existe unha leira con abundante maleza e que supón un perigo de incendio. Sinala que a leira é a número 358, polígono 514 e propiedade dos do “Perito” de Codeso. Solicita a limpeza da leira ata que se respecten as distancias establecida na normativa de prevención de riscos forestais, lei 3/2007 do 9 de abril (50 metros).

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade da leira con abundante maleza, figurando como titular da leira número 358, polígono 514, don Enrique xxxxx, herdeiros de don José Antonio xxxxx e herdeiros de dona María Ángeles xxxxx.

Na Xunta de Goberno do 4 de maio do 2017 acordouse requirir ós propietarios da leira número 358, polígono 514, don Enrique Orza Fernández, herdeiros de don José Antonio xxxxx e herdeiros de dona María Ángeles xxxxx, para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza, unha distancia de 50 metros perimetrais respecto da vivenda de dona Sandra xxxxx.
Déuselles trámite de audiencia.

Según informe do técnico municipal do 5 de xuño do 2017: *“Feita inspección técnica no lugar de A Igrexa - Pousada, compróbase que preto da vivenda de dona Sandra xxxxx, procedeuse coa limpeza da maleza existente.*

Dita leira obxecto de limpeza é a número 358, polígono 514 “Zanca do Perito”.

Non existe risco de incendio.

Cúmprese co establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia.”

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra don Enrique xxxxx, herdeiros de don José Antonio xxxxx e herdeiros de dona María Ángeles xxxxx, propietarios da leira número 358, polígono 514, por proceder os mesmos cos traballos de limpeza de maleza ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

2. Comunicar o acordo os interesados.

14.Arquivo expediente de reclamación de contía por danos ocasionados nun farol ornamental roto en Lestedo

Con data 16 de abril do 2017 o vehículo - furgoneta, marca Citroen, modelo Jumpy KB confort 1.9 D 8P 5p matrícula xxxxx, impactou contra un farol ornamental situado no lugar de Lestedo, rúa Mestre Manuel Gacio, destrozando o mesmo.

A furgoneta está asegurada na compañía de seguros Reale Seguros.

Consta no expediente reportaxe fotográfica do farol destrozado e presuposto número 683, de data 18 de abril do 2017, realizado pola empresa Montaxes Eléctricos Fernández SL, empresa encargada do mantemento da iluminación pública do concello de Boqueixón, que reflicte o custo de reposición do farol ornamental roto no lugar de Lestedo, rúa Mestre Manuel Gacio o día 16 de abril do 2017, e que ascende a un total de 815,70 €.

Na Xunta de Goberno do 20 de abril do 2017 acordouse aprobar a valoración da reposición do farol roto no lugar de Lestedo, por importe total de 815,70 € (IVE engadido) e comunicarlle á compañía de seguros Reale e o propietario do vehículo- furgoneta que ou ben un ou outro deberán proceder co aboamento dos custos do arranxo do farol ornamental destrozado no lugar de Lestedo.

Déuselles igualmente trámite de audiencia.

A compañía Reale seguros recibe a notificación do acordo de reclamación de contía por danos ocasionados, con data 26 de abril do 2017.

O propietario do vehículo/furgoneta recibe a notificación do acordo de reclamación de contía por danos ocasionados con data 2 de maio do 2017.

Non se presentaron alegacións.

Con data 13 de xuño do 2017, a compañía de seguros Reale Seguros ingresa, mediante transferencia bancaria na conta do concello o importe total de 815,70 €, en concepto de danos ocasionados en farol.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Arquivar o expediente iniciado neste concello contra o propietario vehículo - furgoneta, marca Citroen, modelo Jumpy KB confort 1.9 D 8P 5p matrícula xxxxx, don José Luis xxxxx e a compañía de seguros Reale, por proceder co aboamento da contía da reposición dos danos ocasionados no farol ornamental do lugar de Lestedo, rúa Mestre Manuel Gacio, por importe total de 815,70 euros.
2. Dar traslado deste acordo ós interesados.

15.Requirimento de corta de arboredo no lugar de Pumares – Sergude

ANTECEDENTES

No lugar de Pumares – Sergude, existe unha parcela, número 20185, polígono 505, “Penas do Quinto”, dedicado a monte e con abundante arboredo (eucaliptos, piñeiros).

Preto da citada parcela existen contrucións que están a menos de 30 metros de distancia do citado arboredo

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade da leira con abundante arboredo, figurando como titular da leira número 20185, polígono 505, herdeiros de don Antonio xxxxx.

Según informe do técnico municipal de data 19 de xuño do 2017, sinalase que “*Feita inspección técnica no lugar de Pumares - Sergude, compróbase que existe unha leira dedicada a monte, con abundante arboredo (Eucaliptos e algún piñeiro).*”

Respecto do centro socio cultural de Sergude está a unha distancia de 20 metros e respecto dunha vivenda unifamiliar está a unha distancia de 23 metros.

Non se cumpre co disposto no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia, en materia de distancias a vivendas”.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1. O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

2. O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a:

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos

espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte**, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, acacias, eucaliptos...) As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que **en canto ás demais especies arbóreas**, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) **como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I**, deberán gardar unha distancia de 10 metros ata o 17 de agosto de 2014. A partires desta data esta **distancia terá que adecuarse aos 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural)**.

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir os propietarios da leira número 20185, polígono 505, herdeiros de don Antonio xxxxx, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de arboredo, ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais respecto da vivenda unifamiliar e do Centro Socio Cultural de Sergude.

2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.

4. Dar trámite de audiencia ós citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formulen alegacións ou presenten documentación oportuna.

16.Requirimento limpeza de maleza no lugar de Pumariño xxxxx- Pousada

Con data 20 de xuño do 2017 co número de entrada 1311/2017, don José xxxxx presenta escrito no concello de Boqueixón solicitando a limpeza da parcela que está preto da súa vivenda no lugar de Pumariño xxxxx, Pousada.

